



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 773 Semana do 12 ao 18 de marzo de 2018

## UGT CHAMA Á CIDADANÍA A SAÍR ÁS RÚAS DAS CIDADES E VILAS GALEGAS ESTE SÁBADO POLA DIGNIDADE DAS PENSÍONS

*Rajoy defende seguir castigando aos pensionistas coa perda de poder adquisitivo. Fai demagogia e anuncia medidas baleiras para facer oídos xordos aos pensionistas e á protesta social do 17M*

**Redacción.-** UGT fai un chamamento á cidadanía galega a participar masivamente nas mobilizacións convocadas para este sábado, día 17, na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Viveiro, Foz, Ribeira, O Grove e O Barco de Valdeorras pola dignidade das pensións e dos pensionistas porque todos somos afectados.

Nestas protestas, convocadas conxuntamente por UGT e CCOO, confluirán outras organizacións, nomeadamente asociacións de persoas pensionistas, para demandar prestacións dignas, demandar a recuperación do poder adquisitivo das pensións e denunciar a miserable e irrisoria suba do 0,25%.

Estas mobilizacións enmárcanse nunha campaña de ámbito estatal, que xa comezou en setembro de 2017 coas marchas polas pensións dignas, e que será sostida e crecente mentres o Goberno non mude a súa postura en relación ás pensións dos xubilados deste país.

Ambos sindicatos denuncian que as pensións perden poder adquisitivo e só se revalorizan un 0,25%, en cambio, todo sube, de feito, os prezos xa se sitúan este ano nunha media interanual do 1,1%.

UGT denuncia que a pensión media sitúase en Galicia en 788,49 euros e que o 64% das pensións non chega ao SMI.

Neste contexto, non se pode esquecer que as pensións son a fonte de ingresos de máis de nove millóns de persoas e que nos peores momentos da crise catro de cada dez pensións contribuíron a soste ao núcleo familiar.

UGT consideran que o Goberno debe garantir xa o poder adquisitivo das pensións; erradicar o déficit da Seguridade Social e garantir o presente e futuro das pensións e do sistema público.

Ambos sindicatos denuncian a actitude do Goberno que bloquea o diálogo

social e non atende as demandas sindicais nin as iniciativas aprobadas no Parlamento para garantir o poder adquisitivo das pensións e derrogar a reforma de 2013.

UGT insiste en chamar á cidadanía galega a saír o día 17 ás rúas das súas vilas ou cidades porque urxe asegurar a viabilidade do sistema de pensións e non se pode permitir que o Goberno continúe esgotando o fondo de reserva e recorra a un indebido endebedamento da Seguridade Social.

Porque hai que eliminar as subvencións con cargo á Seguridade Social, cuxo custe debe asumir o Estado; porque hai que conseguir que os gastos do sistema se paguen como o resto dos organismos públicos, cos Orzamentos Xerais do Estado e non con cotizacións; porque hai que destopar as cotizacións; e porque hai que mellorar os ingresos do sistema, tanto os derivados de cotizacións como de ingresos fiscais.

Resulta fundamental protestar contra o empobrecemento duns pensionistas que perden poder adquisitivo por segundo ano consecutivo e esixir un modelo público de pensións eficaz e eficiente que é incompatible coa reforma aprobada polo Partido Popular en 2013.



### RELACIÓN DE CONVOCATORIAS EN CONFLUENCIA

- A CORUÑA:** concentración ás 12 h no Obelisco
- FERROL:** concentración ás 12 h no Cantón
- SANTIAGO:** concentración ás 12 h na praza de Cervantes
- LUGO:** manifestación ás 12:30 h desde o edificio da Xunta
- OURENSE:** manifestación ás 12 h desde a praza Maior
- PONTEVEDRA:** concentración ás 11 na praza de España
- VIGO:** manifestación ás 12 h desde o MARCO
- VILAGARCÍA:** concentración ás 12 h diante do Concello
- VIVEIRO:** concentración ás 12 h diante do Concello
- FOZ:** concentración ás 12 h diante do Concello
- RIBEIRA:** concentración ás 12 h diante do Concello
- O GROVE:** concentración ás 11:30 diante do Concello
- O BARCO:** concentración ás 12 h diante do Concello

As medidas impostas polo Goberno do PP nos afectan a todos, xa que o índice de revalorización e o factor de sustentabilidade supoñen a curto e medio prazo un recorte das pensións presentes e futuras e aféctannos a todos.

Por todo isto, porque nos afecta a todos, UGT chama á cidadanía galega no seu conxunto a participar nas mobilizacións convocadas pola recuperación do poder adquisitivo das pensións; pola revalorización das pensións segundo o IPC; pola defensa dun sistema público de pensións digno e sostible; e pola derrogación da reforma imposta polo Goberno no 2013 e a recuperación do diálogo.

## **FESP-UGT-SAÚDE DENUNCIA QUE O SERGAS DESCOIDA A SEGURIDADE E SAÚDE DAS TRABALLADORAS DO CHUS QUE ELABORAN FÁRMACOS PARA O TRATAMENTO DO CANCRO**

***A Inspección de Traballo xa constatou as irregularidades e instou ao Sergas a resolvelas pero a día de hoxe non se fixo nada e as afectadas traballan a diario con produtos canceríxenos sen a protección axeitada***

**Redacción.-** Dende o ano 2012 o Sergas, despois de ter feito unha avaliación de riscos a través dos servizos de prevención propios, ten coñecemento de que as 11 enfermeiras que elaboran os medicamentos citostáticos nas áreas de preparación do CHUS, na planta 0 do hospital de día de oncoloxía, e na -4, no servizo de farmacia, fan estas tarefas en habitáculos que non reúnen as condicións estruturais mínimas esixibles para manipular este tipo de substancias, polo que poñen en risco a diario a súa saúde.

Non obstante, e a pesar de ter coñecemento xa dende o 2012 desta situación, o Sergas non fixo nada por solucionar o grave problema que existe e que pon en risco a saúde das 11 traballadoras. Ante esta inacción e falta de responsabilidade, cúrsase denuncia ante a Inspección de Traballo que actúa no 2016 e pon de manifesto de novo, coincidindo coa propia avaliación do Sergas, que as áreas de traballo non reúnen as condicións estruturais para ser destinadas á preparación de citostáticos, entre outras circunstancias porque:

Non existen tres áreas de traballo diferenciadas independentes (almacén, esclusa e sala de cabinas).

Constátase climatización deficiente e acumulación de material.

A Inspección tamén constata e denuncia que a saída de aire da CBS vai directamente ao patio interior do servizo de farmacia á altura da planta -4 e tamén se observa un acceso restrinxido inaxeitado.

Isto en canto á área de preparación de citostáticos da planta -4, en canto á 0, no hospital oncolóxico de día, tamén se atopan serias deficiencias:

O acceso restrinxido tamén é inaxeitado; a esclusa non é a adecuada porque non garante a estanquidade con respecto a áreas adxacentes; a climatización de novo é deficiente porque é común para toda a zona do hospital de día e tamén se constata unha acumulación de material na sala das cabinas deficiente e inadecuada.

Pero é que a isto súmaselle que ambas áreas de traballo tamén presentan carencias no relativo aos equipos de traballo por un protocolo de mantemento deficiente; en

canto á limpeza non se cumpre tampouco o protocolo; ademais, obsérvase a adopción de posturas forzadas no traballo en cabinas e un nivel de iluminación insuficiente.

No seu momento, o propio servizo de prevención do Sergas xa propuxo unha serie de medidas correctoras:

Un plan funcional de innovación do servizo, onde se redeseñaban os espazos e necesidades técnicas e de infraestruturas, centralizando nunha soa unidade a preparación de citostáticos. Ademais disto, propoñíase a reorganización de funcións e distribución do traballo na área de preparación de mesturas intravenosas estériles, incluíndo a correspondente a medicamentos citostáticos.

Non obstante, a Inspección constatou na súa visita que ningunha destas medidas fora implementada e que todo seguía igual que no 2012. De feito, a Inspección lémballe ao Sergas que a parte empresarial ten a obriga de realizar a pertinente avaliación de riscos onde se identifiquen estes e, segundo os resultados, adoptar as medidas necesarias para corrixir os riscos no caso de ser detectados.

Así o establece a Lei de Prevención de riscos laborais, polo que, á vista dos feitos, o Sergas está incumprindo dun xeito flagrante a Lei, polo que a Inspección xa en xuño de 2016 dá-lle un prazo de seis meses para resolver os problemas detectados que poñían en serio risco a saúde das traballadoras.

Pasado este período, a Inspección comprobou que o Sergas fixera oídos xordos e non resolvera as deficiencias detectadas, polo que, ante a imposibilidade de seguir actuando, derivou o caso á Administración Autonómica, onde está a día de hoxe.

Como se pode observar, esta situación leva navegando dun lado para outro dende o 2012 e, mentres tanto, as afectadas teñen que desenvolver o seu traballo a diario nunhas condicións que no son as máis axeitadas e que poñen en risco a súa saúde.



Neste caso, como en moitos outros, os enredados camiños burocráticos e administrativos deixan no limbo a saúde de 11 traballadoras do CHUS e FeSP-UGT considera que xa chegou a hora de que o Sergas asuma as súas responsabilidades e poñan enriba da mesa as medidas necesarias para garantir a protección da saúde destas traballadoras que non poden agardar máis.

Hai que lembrar os graves riscos ocupacionais que entraña a manipulación de medicamentos citostáticos -amplamente utilizados no tratamento do cancro e, en menor medida doutras enfermidades non oncolóxicas- se non se seguen as normativas establecidas. Trátase de medicamentos que posúen efectos carcinóxénicos, mutaxénicos e teratoxénicos, de tal maneira que os traballadores e traballadoras poden estar expostos durante a súa preparación para os efectos dos mesmos e, pola súa alta toxicidade, poden ser prexudiciais para o persoal que os elabora ou para o medio no que se preparan, por iso é polo que a bioseguridade na súa elaboración sexa un elemento primordial.

Pola súa natureza, os axentes citostáticos están afectos ao establecido no Real Decreto 665/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas aplicables ás actividades nas que os traballadores estean ou poidan estar expostos a axentes canceríxenos ou mutaxénicos como consecuencia do seu traballo, normativa moi esixente res-

*Continúa na páxina seguinte...*



...vén da páxina anterior.

pecto das medidas de prevención de riscos a adoptar para a protección dos traballadores e traballadoras expostos a este tipo de axentes.

De conformidade co establecido no mesmo, entre outras cuestións, o empresario garantirá unha vixilancia adecuada e específica da saúde dos traballadores en relación cos riscos por exposición a axentes canceríxenos ou

mutáxenos, resultando de aplicación ao colectivo de traballadores afectados o protocolo de vixilancia da saúde fronte á exposición a axentes citostáticos. Por outra banda, establécese no propio Real Decreto 665/1997 que os traballadores dispoñerán de lugares separados para gardar de maneira separada as roupas de traballo ou de protección e as roupas de vestir, así como dispoñer dentro da xornada laboral, de dez minutos para o seu aseo persoal antes da comida e outros dez minutos antes de abandonar o traballo.

Non obstante o anterior, por parte do Sergas tampouco se facilita ás traballadoras expostas a este tipo de riscos esta vixilancia da saúde específica, cos consecuentes prexuízos para unha adecuada xestión de prevención de riscos laborais deste colectivo profesional, así como tampouco dispoñen de dobre taquilla, nin dos 10 minutos para o seu aseo persoal antes da comida e outros dez minutos antes de abandonar o traballo, aspectos estes que xa foron denunciados ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

## FICA ESIXE Á SEPI QUE CUMPRE OS ACORDOS SOBRE AS ACTUACIÓNS E REVALORIZACIÓN DOS SALARIOS DO EXPEDIENTE DE 2004 DOS TRABALLADORES DE NAVANTIA



**Redacción.-** Antonio Deusa, vicesecretario xeral de UGT FICA, e Juan Antonio Vázquez, secretario sectorial de Material de Transporte, Electrónica e TIC participaron este mércores na asemblea de afiliados da ATP de Ferrol (asociación de traballadores pasivos) de xubilados de Navantia. Na mesma reclamouse o cumprimento dos acordos por parte de SEPI e de Navantia. A SEPI debe realizar as achegas aos plans de pensións en cumprimento do convenio colectivo.

Non parece lícita unha estratexia marcada na dilatación do proceso obrigándonos a utilizar o marco xurídico, cun colectivo que desenvolveu toda a vida laboral na compañía e que entrou nunha etapa diferente e nova. Non se deben de esconder, co único argumento da lei de acompañamento, polo que lle esiximos á SEPI a exe-

cución da sentenza de forma inmediata, o cumprimento dos acordos que permita a finalización dos conflitos da vía xudicial.

UGT FICA transmitiu na reunión, onde ademais participaron os secretarios xerais das seccións sindicais de UGT FICA Navantia Ferrol e Navantia Fene, o compromiso con futuro das comarcas navais, Rías galegas, Baía de Cádiz e Región de Murcia, xa que en boa parte, o futuro da sociedade depende do presente e do futuro do sector naval e máis concretamente de Navantia como xeradora de emprego e riqueza para estas zonas.

### Plan estratéxico para a modernización

Para iso, é necesario dotar dun plan estratéxico para modernizar e dotar de viabilidade e sustentabilidade á compañía.

Na devandita reunión reiterouse a nosa preocupación pola falta de sensibilidade do Partido Popular no asunto do amianto, ao ter bloqueado o fondo económico aprobado no Congreso dos deputados por parte de todos os grupos parlamentarios a excepción do Grupo Popular.

Esta posición de bloqueo é unha enorme inxustiza para todos os afectados. UGT FICA esixe ao Goberno do Partido Popular que desista na súa actitude de bloqueo e que dote ao devandito fondo cun orzamento suficiente para abordar este problema.

## QUINTA SEMANA DE FOLGA NA XUSTIZA GALEGA

*A Xunta achega unha proposta insuficiente*

**Redacción.-** E xa van cinco semanas de folga na Xustiza galega e cun seguimento masivo por parte dos traballadores do sector que ao longo deste días protinizaron diversos actos e concentracións. A maiores tivo lugar unha nova xuntanza coa Xunta na que, de novo, a proposta achegada é considerada como insuficiente por parte dos traballadores.

### Agardando que sexan escoitadas as súas demandas

Os traballadores seguen agardando que se acheguen posturas e que sexan escoitadas as súas demandas no eido salarial xa, para equiparar as súas percepcións ás do resto do Estado; que se eliminen os descontos por IT; que se restitúan as 106 prazas destruídas nestes anos; e que se creen as prazas pendentes, 36 postos inestables con contratos breves que deberían sacarse a concurso.



## A SEGUNDA XORNADA DE FOLGA NA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA FORZA Á PATRONAL A SENTARSE A NEGOCIAR

**Redacción.-** Este mércores, día 14, tivo lugar a segunda xornada de folga na sanidade privada da provincia de Pontevedra, e como sucedera na primeira o día 7, o seguimento por parte dos traballadores afectados polo convenio provincial foi moi importante.

De feito, a patronal accede a sentar a negociar e este xoves xa se abriu a primeira mesa nun intento de achegar posturas para acadar un convenio digno para os traballadores dun sector que na provincia de Pontevedra aglutina a uns 4.000 traballadores.

Lembrar que, tras 14 reunións coa parte empresarial en cinco anos,



a oferta da patronal seguía a ser máis ben precaria e escasa.

Agora, coa apertura dunha nova vía de diálogo, dende FeSP-Pontevedra agárdase que se vaian achegando posturas que permitan ratificar un acordo, sobre todo, en materia salarial, permisos de conciliación, plus de transporte, xornada laboral,

plus de toxicidade, horas extras ou redución da temporalidade no sector.

Os traballadores denuncian que a día de hoxe as súas condicións son das peores de todo o Estado con salarios moi baixos, xornadas moi longas e sempre traballando co mínimo esixido por lei.

## FESE-UGT RECLAMA NO PARLAMENTO GALEGO UN SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PÚBLICO, ÚNICO, PROFESIONAL E ESTABLE

**Redacción.-** Na súa intervención na Comisión de investigación incendios 2017 do Parlamento galego, Carlos Rocha, en representación de FeSP-UGT, fixo fincapé en que a experiencia obriga a modificar o modelo, que está a todas luces obsoleto, e aposta por un servizo de prevención e defensa contra incendios forestais público, único, profesional e estable.

Criticou que a activación extraordinaria

para o persoal do SPDCIF non se fixese ata o 13 de outubro de 2017, froito isto dunha improvisación "in extremis". Tivo que acudir o persoal do dispositivo de xeito voluntario renunciando a vacacións e días libres e realizando xornadas maratonianas.

Continúa na páxina seguinte...





...vén da páxina anterior.

Neste mesmo contexto, Rocha preguntouse por que se cesou e non se reactivou ao persoal propio do SPDCIF de tres meses, ao persoal do SEAGA e ás brigadas dos concellos. Todo isto tendo en conta que se levaba un período de máis de seis meses de ausencia de choiva e no que os lumes continuaban.

De feito, Carlos Rocha denunciou que existe unha falta de adaptación do dispositivo a esta nova variable de tendencia do cambio climático.

Detrás de todo isto está unha nefasta planificación na contratación, unha preca-

riedade laboral que afecta a 2.719 traballadores, situación que se agudiza coa falta de continuidade laboral e a falta de experiencia e formación.

Tamén puxo enriba da mesa que o Pladiga só plasma a realidade dun operativo que se centra nos meses de xullo, agosto e setembro, deixando descuberto o resto do ano.

En canto á fragmentación do dispositivo que se constata, UGT reivindica un servizo de prevención e defensa contra incendios público, único e profesional. Considera que interveñen moitas entidades no dispositivo con condicións laborais diferentes e non existe conexión entre os traballadores das diferentes empresas. Ademais, incúm-

prese o principio de non duplicidade de funcións dentro do sector público galego.

Detrás de todo isto están unhas condicións laborais lamentables, a temporalidade no SPDCIF xa é do 50%; o sistema de cobertura de postos é moi lento; non se cobren baixas nin as vacacións; e existe unha ausencia de negociación de acordos dende hai máis de 10 anos. Xa no referente a SEAGA e concellos, a temporalidade é do 100%.

Isto, evidentemente, acarrea índices de sinistralidade laboral inaceptables: 119 accidentes con baixa, seis no mes de outubro; 156 accidentes sen baixa, 32 dos cales en outubro; tendo en conta que neste traballo córrese o risco de morrer.

## FESP-UGT RATIFICA NA MESA DE NEGOCIACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS UN ACORDO QUE PERMITIRÁ RECUPERAR PODER ADQUISITIVO POR PRIMEIRA VEZ DESDE 2009

**Redacción.-** A Federación de Empregadas e Empregados dos Servizos Públicos (FeSP-UGT) ratifica na Mesa xeral de negociación das administracións públicas o acordo Goberno-sindicatos que establece as condicións laborais dos empregados públicos para os próximos tres anos.

O pacto asegura unha subida do 6,1% fixo ata 2020, que detén a sangría de perda de poder adquisitivo que os traballadores das administracións públicas sufriron durante a crise. O acordo inclúe fondos adicionais para distintos colectivos. O incremento salarial alcanzaría o 8,79% se se cumpren varias previsións económicas como o crecemento do PIB en 2019 e 2020 e o cumprimento de déficit. En 2018 os empregados públicos percibirán un 1,75%, o seguinte ano poderán chegar a percibir un 2,75% máis nas súas nóminas e en 2020 a subida salarial poderíase situar en 3,85%. Ao final do acordo, os empregados públicos terían unha subida de 8,79% de salario.

Julio Lacuerda, secretario xeral de FeSP-UGT, sinalou que "os empregados e as empregadas públicas, como moitos outros colectivos, sufriron a presión, a incertidume e a precariedade durante polo menos os últimos oito anos. Desde UGT consideramos que, en gran medida, o compromiso dos empregados públicos do noso país fixo posible manter a calidade dos nosos servizos públicos en época de crise e recortes. Este Acordo vén recoñecer este compromiso; repara e restitúe o sufrido na crise e inicia a senda da recuperación de poder adquisitivo. Ademais, obriga aos gobernos central, autonómicos e locais a negociar asuntos decisivos como xornada, incapacidade temporal, etc".



### Restituír dereitos: IT, xornada e conciliación

Para UGT, unha das virtudes do texto é a posibilidade de negociar en cada ámbito concreto para establecer as condicións laborais dos empregados públicos en cuestións como xornada laboral, Incapacidade Temporal e conciliación laboral.

Nas CCAA e ámbitos da Función pública poderanse acordar calendarios laborais que maticen e flexibilicen as 37 horas e media. Ademais, os empregados públicos poden acumular un 5% da súa xornada anual -con carácter recuperable- para tarefas de conciliación destinadas ao coidado de familiares e o establecemento dunha xornada continua especial cando se teñen a cargo a menores ou discapacitados.

Tamén se poderá volver restituír o 100% das retribucións cando se está en situación de incapacidade temporal. Para logralo, o Acordo permite negociar en cada administración un complemento retributivo sobre a prestación da Seguridade Social en

materia de IT, ata alcanzar o 100% das retribucións que se perciben habitualmente, sempre que se xustifique a ausencia mediante o correspondente parte de baixa ou establecer catálogos de continxencias.

### Emprego de calidade. Redución da temporalidade

O Acordo co Goberno posibilita crear novo emprego público e devolve a capacidade de negociación e xestión ás administracións autonómicas e locais. O proceso de estabilización -redución dun 90% a temporalidade- se universaliza, ao estenderse a todos os colectivos e sectores das administracións públicas, así como ao seu sector público (axencias, organismos autónomos, etc.)

As administracións públicas que cumpran o obxectivo de déficit, a regra de gasto e débeda pública, poderán cubrir as baixas

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

que se produzan en todos os sectores, funcións e servizos, sexan ou non prioritarios. Nestes casos, poderase aprobar unha taxa adicional de 8% sobre a taxa xeral nos sectores que se consideren necesarios. Aquelas que non cumpran os requisitos, a taxa de reposición será do 100% nos sectores prioritarios como en sanidade, educación, xustiza, servizos sociais, atención á cidadanía, ata un total de 20, e do 75% no resto, un 25% máis que o ano anterior. Adicionalmente, poderán fixar unha taxa do 5% se o necesitan.

### Máis liberdade para negociar o emprego na Administración local

O acordo inclúe unhas previsións específicas para as entidades locais que permitirá cortar a sangría de emprego que se produciu nos últimos anos, case 115.000 postos de menos desde 2010.

As entidades locais que cumpriron os obxectivos sinalados terán o 100% de taxa de reposición en todos os sectores, evitando a diminución de persoal. Ademais, poderán aprobar unha taxa do 10% sobre o xeral naqueles sectores que determinen. Se non alcanzaron o obxectivo de déficit, regra de gasto e débeda pública, poderán cubrir o 100% das baixas que se produzan en sectores prioritarios, o 75% nos non prioritarios e un 5% máis sobre a taxa que se corresponda se o consideran necesario.

Ademais, calquera entidade local que nos últimos cinco anos aumentase máis

dun 20% o seu censo de poboación dispoñerá dun 5% máis de taxa de reposición. Esta cota permitirá unha cobertura adecuada dos novos servizos públicos que os concellos deben prestar conforme á lei de bases do réxime local.

### Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

O acordo fixa unha taxa do 115% para os corpos de policía autonómicas e locais. Estes datos permiten a creación de emprego neto e facilita a implementación do Real Decreto sobre xubilación anticipada da policía local. Esta medida pode afectar este ano a uns 3.200 policías locais que teñen máis de 60 anos, dun total de 70.000 efectivos que forman parte das plantillas de policías locais actualmente.

## CATRO ANOS DE CRECEMENTO QUE NON SE REFLECTE NA ECONOMÍA DAS FAMILIAS

**Redacción.-** Os datos de IPC, correspondentes ao mes de febreiro, publicados esta semana polo INE, mostran un aumento dos prezos un 0,1% respecto ao mes anterior, situando a taxa anual no 1,1%, cinco décimas superior á do mes de xaneiro. Esta subida débese, de maneira destacada, ao aumento dos prezos da electricidade, fronte á baixada que tiveron en febreiro de 2017.

A inflación subxacente (sen alimentos non elaborados e produtos enerxéticos) sitúase no 1,1%, tres décimas por encima do mes anterior, mentres, o Índice Harmonizado volve ao 1,2% interanual que xa rexistrou en decembro, aumentando cinco décimas desde xaneiro e situándose ao mesmo nivel que o dato adiantado da media da zona euro. O pasado día 1 de marzo publicouse a Contabilidade Nacional correspondente ao último trimestre do ano 2017, que rexistra un incremento trimestral do PIB do 0,7% e un aumento interanual do 3,1%, confirmando catro anos consecutivos de crecemento que, con todo, continúa sen reflectirse nunha mellora da calidade de vida da maioría da cidadanía.

Créase emprego pero é un emprego de escasa calidade e moi mal remunerado. O noso país sitúase á cabeza da Unión Europea en crecemento da desigualdade. Tras as perdas de poder adquisitivo dos salarios, as pensións e prestacións sociais, a mellora na repartición da renda continúa sen chegar. Ao contrario, en 2017 as rendas salariais e as pensións volveron a perder poder adquisitivo, mentres os beneficios empresariais crecen a un ritmo do 5,2% e xa superan con fartura os niveis anteriores á crise.

A pesar do crecemento do emprego, un 2,9% no cuarto trimestre en taxa anual, a remuneración de asalariados creceu só dúas décimas, mentres o IPC creceu un 2% de media. É dicir, os traballadores perderon 1,8 puntos de poder adquisitivo.

A previsión de inflación media para 2018 sitúase no 1,6%. Mentres a negociación colectiva recolle un incremento salarial do 1,51% para 4.775.000 traballadores cos datos de febreiro. É dicir, que mesmo as subidas salariais en negociación colectiva, que son as únicas que mantiveron un certo crecemento durante a crise, reflicten unha posible perda media de poder de compra.

### Unha política salarial xusta e razoable

Mellorar o poder adquisitivo dos salarios é fundamental para garantir a sustentabilidade no tempo do crecemento económico, ademais de ser imprescindible para reducir as desigualdades sociais e a pobreza.

Por iso, UGT reclama na negociación colectiva salarios mínimos de 1.000 euros ao mes en cada convenio, impulsando o crecemento dos salarios máis baixos.

Á súa vez, o 1,6% é o incremento mínimo que deben ter os salarios en 2018. Porque non é posible que nunha situación como a actual, con crecemento económico por cuarto ano consecutivo e coas empresas obtendo máis beneficios que ao final da anterior etapa expansiva, os salarios non participen desa melloría.



E a ese 1,6% débenselle sumar a produtividade real que xeran os traballadores e as traballadoras nas empresas, e un aumento adicional –que UGT estima en 1,5 puntos- para compensar a perda de máis de sete puntos porcentuais que sufriron desde 2008.

Ademais, o sindicato aposta por introducir cláusulas de garantía salarial, que preserven o poder adquisitivo negociado das posibles variacións dos prezos.

Para UGT, se non aumentamos a renda das familias estamos nun risco de recesión permanente. E, sen mellorar os dereitos laborais e a protección social, afastámonos non só dos obxectivos do alicerce europeo de dereitos sociais, senón tamén do mundo desenvolvido. É preciso, por tanto, derrogar a reforma laboral e reverter os recortes en servizos públicos esenciais.

Ademais, o sindicato insiste na necesidade de aproveitar os períodos de crecemento para fortalecer a nosa economía. Apostar por un cambio no modelo produtivo, cun decidido impulso aos sectores industriais, cun incremento do esforzo en I+D, pasando a un modelo baseado nunha industria de alto valor engadido en sectores sustentables económica, social e medioambientalmente, que xeren máis empregos e de maior calidade.

## NON SE PODE APROVEITAR A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA PARA DESREGULAR RELACIÓNS LABORAIS

**Redacción.-** A secretaria confederal de UGT, Isabel Araque, interveu na Xornada conferencia tripartita sobre “O futuro do traballo que queremos” onde se centrou en analizar “A organización do traballo e a produción”.

Isabel Araque subliñou que “a globalización, a evolución da informática e a robotización, así como o desenvolvemento das TIC, a intelixencia artificial, a biotecnoloxía ou a nanotecnoloxía están a modificar todos os ámbitos da nosa vida, están a cambiar as relacións económicas e laborais e están a transformar a organización da produción empresarial”.

“Unha innovación tecnolóxica”, explicou, “que ten consecuencias positivas – como o aumento da competitividade empresarial e da produtividade- pero tamén riscos e problemas para as relacións laborais -como a destrución de emprego ou o aumento excesivo da flexibilidade dos traballadores”.

Araque manifestou que “esta revolución tecnolóxica está a contribuír a que as

empresas aposten por formas de organización empresarial e do traballo como a contratación temporal e a tempo parcial, a externalización e subcontratación do traballo, a subcontratación de funcións e tarefas a través de plataformas dixitais, o traballo móbil ou conectado, 24 horas ao día 7 días á semana ou a economía de plataformas dixitais (como Airbnb, Uber, Glovo, Deliveroo, Stuart, etc.), que supoñen un evidente aumento da inestabilidade no emprego e da inseguridade económica e un empeoramento das condicións de traballo”.

A secretaria confederal de UGT sinalou que “o sindicato non se opón ao avance da dixitalización nin á transformación tecnolóxica das empresas pero si se resiste a permitir que esta revolución tecnolóxica sexa utilizada por algúns gobernos e algúns empresarios para desregular as relacións laborais, eliminar empregos de calidade, degradar –aínda máis- os dereitos dos traballadores e aumentar a desigualdade e a pobreza laboral”.



“Por iso, UGT considera que hai que facer un gran esforzo para converter a negociación colectiva nunha ferramenta eficaz para a regulación equilibrada dos procesos de dixitalización e transformación tecnolóxica nas empresas pero tamén é necesario que os sindicatos teñan un papel relevante neste proceso de cambio que permita situar o traballo digno, os dereitos sociais e laborais, a liberdade sindical, a solidariedade e a xustiza social no centro da sociedade do futuro e no eixo da acción política dos gobernos nacionais e das institucións internacionais”, finalizou.

## É NECESARIO UN GRAN PACTO SOBRE A FORMACIÓN PROFESIONAL QUE CONTEMPLA A FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

**Redacción.-** O secretario de Formación de UGT, Sebastián Pacheco, participou nun programa especial de Capital Radio sobre a importancia da implantación da Formación Profesional Dual en España onde sinalou que “a fusión da formación no centro educativo e no centro de traballo é unha ferramenta que se debe impulsar”.

Sebastián Pacheco destacou que “é necesario establecer un modelo propio de FP Dual que teña en conta as circunstancias específicas do noso país e que harmonice as normas actuais sobre formación dual que cada comunidade autónoma está a regular de maneira dispar”.

“Tamén é fundamental determinar cuestións coma se o alumno é bolseiro ou traballador, tal e como se fai nos modelos alemán, austriaco ou suízo. Desde logo, desde UGT consideramos que deben ser tratados como traballadores de pleno dereito, coa inclusión dun novo sistema de representación de aprendices”, explicou.

“Ademais”, explicou, “desde UGT considérase necesario que a Formación Profesional Dual descansa nun modelo de fi-

nanciamento suficiente por parte dos poderes públicos e as empresas; apóiese en mecanismos irrenunciáveis como son os dereitos e garantías que asisten ao aprendiz (alumnado-traballador); a orientación, a información e asesoramento e que, finalmente, conte con rigorosos sistemas de avaliación que permitan valorar a eficacia e eficiencia do sistema”.

### A formación é un investimento para as empresas

O secretario de Formación de UGT subliñou que “a formación é un investimento e é absolutamente necesario e urxente establecer un gran pacto sobre a formación profesional en xeral que contemple tamén a Formación Profesional Dual e establecer grupos técnicos de traballo canto antes”.



Pacheco defendeu que tamén sería indispensable “establecer unha programación de FP para o emprego adecuada aos cambios, regulala de común acordo entre os ministerios de Educación e de Emprego, -establecendo medidas de estímulo para as empresas-, impartir certificados de competencia profesional adquirida pola experiencia laboral, desenvolver un mapa de segunda oportunidade para obter títulos de FP de grao medio e superior ou dedicar parte da xornada laboral a formación para mellorar a produtividade e a competitividade”.